


CONCELLO
DE VIGO



INICIATIVA ENLAZA VIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA 2011-2019



www.igualdadevigo.org

enlaza vigo
contra a violencia de xénero



www.enlazavigo.org



PRESENTACIÓN



Con motivo da conmemoración do **Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25 de novembro** de cada ano, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e máis o Consello Municipal da Muller poñen en marcha un conxunto de accións dirixidas a sensibilizar a sociedade sobre a violencia que se exerce sobre as mulleres.

Desde o convencemento de que é a mellor estratexia contra a violencia de xénero, traballamos no eido da prevención e concienciación, principalmente coa xente moza, para conseguir que as novas xeracións se impliquen activamente para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria para todas e todos.

Por isto, buscando a implicación da comunidade educativa dos centros de ensino secundario da cidade, desde o ano 2011, organizamos a iniciativa **ENLAZA-VIGO-reacción cidadá contra a violencia de xénero**.

Esta iniciativa obtivo no ano 2013 o **Premio nacional de "Boas Prácticas contra a violencia de xénero"** outorgado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e a Federación Española de Municipios e Provincias.



PRESENTACIÓN



Co obxecto de recompilar a información relativa ás distintas edicións de "EnlazaVigo contra a violencia de xénero", este dossier contén fichas de cada edición nas que se inclúe a seguinte información: breve resumo das actividades, temática tratada, obxectivos, participación, imaxes dos actos e reprodución das lonas artísticas elaboradas polo alumnado que integraron as distintas obras colectivas expostas cada ano nunha céntrica rúa da cidade.

Agradecemos a participación activa de toda a comunidade educativa dos centros que participaron nas distintas edicións de EnlazaVigo e sirva esta memoria que lles entregamos para visibilizar como "boa práctica" e difundir esta participación e implicación no eido da igualdade e prevención da violencia de xénero na contorna educativa.

Concellería de Igualdade

Enlaces de interese:

www.enlazavigo.org

www.igualdadevigo.org

www.igualdadevigo.org/datedatos

www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude

2011



A iniciativa levada a cabo no ano 2011, primeira do **EnlazaVigo**, consistiu no desenvolvemento dunha **gran cadea humana, formada por máis de 5.000 persoas** o día 25 de novembro, que discorreu desde a rúa do Príncipe ata a praza do 8 de Marzo, na avenida das Camelias.

Neste acto tiveron protagonismo as siluetas de muller feitas en cartolina de cor branca, que representaban as vítimas de violencia de xénero, e que tras formar parte da cadea humana foron pousadas de xeito simbólico na ladeira do Castro, co fin de expresar de xeito claro e contundente a resposta da cidade de Vigo contra o machismo e a violencia de xénero.

Ademais deste acto reivindicativo, a Concellería de Igualdade visitou os centros de ensino secundario para ofrecer información polo miúdo sobre a iniciativa e presentarllas a unidade didáctica "Violencia de xénero" elaborada por persoal especializado no eido da educación e da igualdade, que está dirixida ao profesorado de educación secundaria.





CONCELLO
DE VIGO



2012



CONCELLO
DE VIGO



FICHA

ANO	2011	
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Novembro de 2011. Acto central: 25 de novembro de 2011	
LUGAR	Museo MARCO Vigo (rúa do Príncipe) - praza do Rei (edificio do Concello) -praza 8 de Marzo (Avda. das Camelias)	
ORGANIZACIÓN	Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo	
TEMÁTICA	A violencia de xénero	
OBXECTIVOS	Desenvolver na cidade de Vigo, de 11:00 a 12:00, unha gran cadea humana que enlace distintos puntos da cidade como expresión clara e contundente da condena e repulsa de Vigo contra o machismo e a violencia de xénero. Concienciar e sensibilizar as futuras xeracións no rexeitamento e na prevención da violencia de xénero. Visibilizar, a través de siluetas de muller en cartolina de cor branca situadas ao longo da cadea, as máis de 600 mulleres asasinadas polas súas parellas e exparellas só no territorio español desde o ano 2003 (ano no que comezaron a recollerse estes datos nas estatísticas oficiais).	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	Elaboración dunha gran cadea humana no centro da cidade, na que participou alumnado dos centros de ensino da cidade, veciños e veciñas de Vigo, organizacións deportivas e veciñais e asociacións de mulleres. Desde o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), estendéndose polas rúas do Príncipe, Eduardo Iglesias, Ronda de Don Bosco e Venezuela, sempre en dirección ao Concello e chegando ao seu fin na praza 8 de Marzo na avenida das Camelias. Creación dun blog propio, www.enlazavigo.com (actualmente web www.enlazavigo.org), no que se visibilizaron as achegas de persoas que se “enlazarón” á iniciativa, pertencentes a distintos ámbitos así como de asociacións e entidades da cidade, con anterioridade ao día 25 de novembro. Difusión da iniciativa a través das redes sociais Facebook e Twiter. Distribución de pulseiras reivindicativas, co lema: Enlaza Vigo contra a violencia de xénero. “Eu voume enlazar.” Ás 12:00 do día 25 de novembro, na praza do Rei, dáse lectura ao manifesto do Consello Municipal da Muller. Procédese ao inicio da cadea humana, enlazando as mans de todas as persoas presentes desde a rúa do Príncipe ata a avda. das Camelias, xunto tamén coas siluetas brancas que se van intercalando coas persoas en todo o percorrido da cadea. En cada unha das siluetas brancas, figura un número en cor vermella, número que vai de 1 ata 700. Como remate da actividade, parte das siluetas de muller, que representaban as mulleres asasinadas desde o ano 2003 e que formaron parte da cadea, son depositadas na ladeira do Castro.	
PROPOSTAS DE TRABALLO:	Nas aulas • Instaurar no traballo da aula a conmemoración do día 25 de novembro, como Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, dado que a dita data non figura de xeito oficial no calendario de educación do curso 2011-2012, de conmemoracións escolares obrigatorias. • A Concellería de Igualdade facilítalles este ano aos centros de ensino a publicación dunha unidade didáctica adicada ao “Día Contra a Violencia de Xénero”, que se distribúe entre todos os centros de ensino de secundaria da cidade. Na rúa • Elaboración dunha gran cadea humana como repulsa cidadá contra a violencia machista, a violencia de xénero. • Participación na lectura de consignas, frases e comunicados conxuntos na praza do Rei. • Participación na lectura do manifesto da Corporación Municipal e do Consello Municipal da Muller na praza do Rei. • Visibilizar o número de mulleres asasinadas a través das siluetas brancas, que formaron parte da cadea humana.	
Repercusión de EnlazaVigo na cidade	Centros de ensino participantes	15
	Alumnado de secundaria participante	2000
	Total de persoas participantes (alumnado e veciñas/os)	3000

O 23 de novembro do ano 2012, case 2.000 alumnas e alumnos dun total de 36 centros de ensino secundario de Vigo sumáronse á iniciativa **EnlazaVigo** para manifestar o seu rexeitamento da violencia de xénero, formando un gran tapiz humano no centro da cidade. Este acto simbólico complementouse con actividades lúdicas e actuacións o mesmo día como exhibicións de malabares, *parkour*, patíns en liña, *breakdance*, graffiti e rap.

O programa previsto para este ano incluíu, ademais, actividades de tipo formativo e informativo ao longo do mes de novembro: obradoiros de formación dirixidos ao alumnado de secundaria, obradoiros dirixidos a profesorado e familias e reparto de material informativo.

Ademais, tanto o alumnado como as asociacións de mulleres e outros colectivos sociais participaron na elaboración dunha exposición colectiva sobre violencia de xénero, elaborando lonas de 100 x 180 cm nas que se recolleron diversas expresións artísticas como pintura, debuxo, *collage*, graffiti e textos. As lonas expuxéronse durante o mes de novembro na rúa do Príncipe, coa finalidade de concienciar sobre as graves consecuencias da violencia machista.





FICHA

ANO	2012
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Outubro - novembro 2012. Acto central: 23 de novembro de 2012
LUGAR	Rúa de Urzáiz (tramo comprendido entre a Farola de Urzáiz e a rúa da República Arxentina) e a rúa do Príncipe.
ORGANIZACIÓN	Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo
TEMÁTICA	A violencia de xénero
OBXECTIVOS	Concienciar a poboación viguesa, especialmente a xuventude, da problemática da violencia de xénero (orixe, tipos, causas, consecuencias, recursos,...) co obxectivo de conseguir unha maior implicación da cidadanía e o seu rexeitamento, así como previr o terrorismo machista nas xeracións futuras. Propiciar que a cidadanía viguesa participe nunha iniciativa conxunta que sirva de canle para manifestar o rexeitamento da cidade á violencia de xénero coa elaboración conxunta e solidaria dun gran tapiz humano no centro da cidade. Implicar na iniciativa “EnlazaVigo” o profesorado e a totalidade do alumnado de secundaria e formación profesional da cidade, co fin de concienciar a mocidade no coñecemento e rexeitamento da violencia de xénero.
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A Concellería de Igualdade, en colaboración co Consello Municipal da Muller, pon en marcha a iniciativa “EnlazaVigo-REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”, desenvolvendo os seguintes actos e actividades: EXPOSICIÓN COLECTIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO No comezo do curso escolar, a Concellería de Igualdade visitou e facilitou aos centros de ensino un dossier informativo e o material necesario para a elaboración dos murais (lona e pinturas). Desde o 19 ao 23 de novembro de 2012, de 10:00 a 20:00 ininterrompidamente, na céntrica rúa do Príncipe, expuxéronse un total de 35 murais e obras plásticas realizadas por 31 centros de ensino secundario da cidade. Nesta exposición participou tamén o movemento asociativo de mulleres coa realización dos seus murais. A exposición estivo complementada coa colocación dunha carpa informativa na que o persoal a cargo da organización de EnlazaVigo ofreceu información sobre a violencia de xénero e entregoulles materiais de sensibilización ás e aos viandantes. ACTIVIDADES FORMATIVAS Formación dirixida a alumnado da ESO, bacharelato e FP Impartición de obradoiros sobre as novas formas de violencia na xuventude, baixo o título “ENREDÁMONOS NAS REDES?”. Esta actividade formativa foi dirixida ao alumnado de 4º da ESO, de bacharelato e de formación profesional. Os obradoiros foron impartidos pola psicóloga especializada en violencia de xénero na xuventude Ianire Estébanez Castaño. Desenvolvéronse un total de 5 talleres formativos os días 19, 20 e 21 de novembro de 2012 nas instalacións do Auditorio Municipal (praza do Rei). Esta actividade impartíuse en horario escolar e a Concellería de Igualdade fíxose cargo dos gastos do transporte escolar de todo o alumnado. Formación dirixida ao profesorado e a familias O día 20 de novembro de 2012, organizouse unha actividade formativa dirixida a nais, pais e profesorado sobre a violencia de xénero na xuventude, impartida por Ianire Estébanez Castaño.

ANO	2012															
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	ACCIÓNS COMPLEMENTARIAS DE ENLAZAVIGO - Establecemento de contactos, con diferentes persoas con proxección pública (deportistas, escritoras/es, artistas plásticas/os,...), denominadas “enlaces” para facelas partícipes da iniciativa, buscando a súa implicación como transmisores/as e colaboradores/as na súa difusión e apoio público. - Difusión das accións e seguimento da iniciativa a través das redes sociais durante todo o período que durou a execución das accións, chegando a ter o día 23 de novembro 5.000 visitas en facebook, das que 1.000 eran de lugares fóra de Galicia. - Difusión da iniciativa a través da web www.enlazavigo.com (actualmente web www.enlazavigo.org), que actualiza os seus contidos en sincronía coas redes sociais, ofrece ademais información actualizada e opinións sobre violencia de xénero, así como unha relación actualizada das persoas que se van sumando á iniciativa Enlaza Vigo como “enlaces”. - Reparto entre todas as persoas participantes das pulseiras elaboradas pola Concellería de Igualdade co lema: Enlaza Vigo contra a violencia de xénero. “Eu voume enlazar” ACTO CENTRAL: 23 de novembro de 2012 ás 12:00 Elaboración dun gran tapiz humano e actividades previas lúdicas e reivindicativas. O tramo da céntrica rúa de Urzáiz, comprendido entre a Farola e a rúa da República Arxentina de Vigo, foi escenario o día 23 de novembro de 2012 da formación dun gran tapiz humano que simbolizou o rexeitamento da cidade de Vigo á violencia machista. Desde as 10:30 ata as 11:45 o alumnado, o profesorado e os/as viandantes participaron nas actividades lúdicas e reivindicativas: visita á exposición de murais contra a violencia na rúa do Príncipe, demostracións de <i>breakdance</i> , rap, malabares, graffiti, <i>parkour</i> , patins en liña. Os e as rapazas gozaron dun variado programa, coordinado por un equipo de animación socioxuvenil integrado por máis de 35 monitoras/es. O acto central estivo dinamizado pola escritora Leticia Costas e a pedagoga Nuria Carballido. Quince minutos antes da formación do tapiz humano, representantes dos 3 grupos políticos con presenza municipal e o Consello Municipal da Muller, subiron ao escenario central para as intervencións públicas e a lectura do manifesto. Ás 12:00, procedeuse á formación do tapiz humano. A organización facilitoulles ás e aos 2.000 escolares e 500 veciños e veciñas da cidade o material necesario para formar o tapiz: cartolinas lilas, lonas e siluetas de muller. O tapiz consistiu no levantamento dunha gran lona co lema “VIGO CONTRAA VIOLENCIA DE XÉNERO”, na parte central e ás beiras cartolinas de cor lila, que simbolizan a cor da igualdade, así como decenas de siluetas de muller en cartolina de cor branca, simbolizando a homenaxe que a cidade lles fai ás máis de 650 mulleres que foron asasinadas en España a mans das súas parellas ou exparellas desde o ano 2003.															
	PROPOSTAS DE TRABALLO:	Nas aulas • Instaurar no traballo da aula a conmemoración do día 25 de novembro, como Día Internacional Contra a Violencia de Xénero e sumarse como centro a algunha das actividades da iniciativa “Enlaza Vigo”. • Traballo co alumnado na aula empregando a unidade didáctica adicada ao “Día Contra a Violencia de Xénero”, material elaborado e distribuído pola Concellería de Igualdade. • Elaboración do mural-obra plástica, que formou parte da exposición colectiva da rúa do Príncipe do 19 ao 23 de novembro. Na rúa • Formación dun gran tapiz humano ás 12:00 do día 23 de novembro. • O tapiz consistiu no levantamento dunha gran lona co lema “VIGO CONTRAA VIOLENCIA DE XÉNERO”, na parte central e ás beiras cartolinas de cor lila e siluetas de muller en cartolina de cor branca. • Actividades lúdicas e reivindicativas previas á formación do tapiz e desde as 10:30 ata as 11:45 no centro da cidade. • Exposición colectiva de murais na rúa do Príncipe, elaborados polo alumnado dos centros de ensino e polas asociacións de mulleres contra a violencia de xénero. • Participación do alumnado o día 23 de novembro na lectura de consignas e comunicados conxuntos.														
Repercusión de EnlazaVigo na cidade	<table><tr><td>Centros de ensino (secundaria e formación profesional) participantes na iniciativa. 31 centros participantes na exposición colectiva e 25 centros participantes no acto central de realización do tapiz humano.</td><td>36</td></tr><tr><td>Alumnado de secundaria participante na elaboración do tapiz</td><td>2000</td></tr><tr><td>Persoas participantes (alumnado e veciñanza)</td><td>2500</td></tr><tr><td>Alumnado participante nos obradoiros Enredámonos nas redes? (de 12 centros de ensino da cidade)</td><td>700</td></tr><tr><td>Alumnado participante na elaboración murais-obras plásticas</td><td>550</td></tr><tr><td>Persoas que visitaron a exposición colectiva contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe</td><td>5000</td></tr><tr><td>Familias e profesorado participantes no obradoiro de prevención da violencia de xénero na xuventude</td><td>40</td></tr></table>	Centros de ensino (secundaria e formación profesional) participantes na iniciativa. 31 centros participantes na exposición colectiva e 25 centros participantes no acto central de realización do tapiz humano.	36	Alumnado de secundaria participante na elaboración do tapiz	2000	Persoas participantes (alumnado e veciñanza)	2500	Alumnado participante nos obradoiros Enredámonos nas redes? (de 12 centros de ensino da cidade)	700	Alumnado participante na elaboración murais-obras plásticas	550	Persoas que visitaron a exposición colectiva contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe	5000	Familias e profesorado participantes no obradoiro de prevención da violencia de xénero na xuventude	40	
Centros de ensino (secundaria e formación profesional) participantes na iniciativa. 31 centros participantes na exposición colectiva e 25 centros participantes no acto central de realización do tapiz humano.	36															
Alumnado de secundaria participante na elaboración do tapiz	2000															
Persoas participantes (alumnado e veciñanza)	2500															
Alumnado participante nos obradoiros Enredámonos nas redes? (de 12 centros de ensino da cidade)	700															
Alumnado participante na elaboración murais-obras plásticas	550															
Persoas que visitaron a exposición colectiva contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe	5000															
Familias e profesorado participantes no obradoiro de prevención da violencia de xénero na xuventude	40															

2012

CONCELLO
DE VIGO



enlaza vigo
contra a violencia de xénero

Lonas realizadas polo alumnado para a mostra colectiva



CPR Plurilingüe Alborada



IES San Tomé de Freixeiro



IES San Tomé de Freixeiro

2012

CONCELLO
DE VIGO



enlaza vigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe Escolas Nieto



CPR Plurilingüe
San Blas - Vista Alegre



CPR Plurilingüe Rosalía de Castro

2012

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe
Niño Jesús de Praga



IES Coruxo



IES Coruxo

2012

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero



IES Beade



IES Castelao



CPR Plurilingüe Nuestra Señora
de la Esperanza

2012

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



IES Rosais 2



IES Alexandre Bóveda

2012

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe Montesol




IES Valadares



O 25 de novembro de 2013, o alumnado dun total de 32 centros participou no **EnlazaVigo**, formando un tapiz humano entre a Farola de Urzáiz e a rúa da República Arxentina, manifestando o seu rexeitamento da violencia de xénero. O acto contou coa colaboración da escritora Leticia Costas e da pedagoga Nuria Carballido na parte de locución e animación.

Como na edición anterior, ademais do acto reivindicativo, organizáronse obradoiros de tipo formativo dirixidos á comunidade educativa, e de novo volveuse organizar unha exposición colectiva contra a violencia de xénero que recolleu as obras realizadas polo alumnado e foi exposta na rúa do Príncipe do 21 ao 27 de novembro, reflectindo o seu compromiso na loita contra a violencia machista.

Como recoñecemento ao labor desenvolvido no noso concello en contra da violencia de xénero, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en colaboración coa FEMP, outorgou nesta edición ao Concello de Vigo o **“Premio de Boas Prácticas contra a Violencia de Xénero”** pola iniciativa **“EnlazaVigo contra a violencia de xénero”**, na categoría **“Sensibilización e prevención”**.



ANO	2013
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Outubro - novembro de 2013. Acto central: 25 de novembro de 2013
LUGAR	Rúa de Urzáiz (tramo comprendido entre a Farola de Urzáiz e a rúa da República Arxentina) e a rúa do Príncipe
ORGANIZACIÓN	Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo
TEMÁTICA	A violencia de xénero
OBXECTIVOS	Implicar na iniciativa “EnlazaVigo” o profesorado e a totalidade do alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional, co fin de concienciar as e os xoves no coñecemento e no rexeitamento da violencia de xénero (orixe, tipos, causas, consecuencias, recursos,...). Prever e detectar novas formas de violencia de xénero na xuventude, ofrecendo formación específica a través de obradoiros destinadas ao alumnado, profesorado e familias. Propiciar que a cidadanía viguesa participe nunha iniciativa conxunta que sirva de canle para manifestar o rexeitamento da cidade á violencia de xénero e previr o terrorismo machista nas futuras xeracións coa elaboración conxunta e solidaria dun gran tapiz humano no centro da cidade. Favorecer o emprego de distintas canles de expresión colectiva para manifestar o rexeitamento á violencia de xénero: exposición colectiva, twitter, facebook, blog, radio,...
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A Concellería de Igualdade en colaboración co Consello Municipal da Muller, pon en marcha a iniciativa “EnlazaVigo-REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”, desenvolvendo os seguintes actos e actividades durante o ano 2013: EXPOSICIÓN COLECTIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO No comezo do curso escolar, a Concellería de Igualdade visitou e facilitoulles aos centros de ensino un dossier informativo e o material necesario para a elaboración dos murais (lona e pinturas). Desde o 21 ao 27 de novembro de 2013, de 10:00 a 20:00 ininterrompidamente, na céntrica rúa do Príncipe, expuxéronse un total de 32 murais e obras plásticas realizadas por 29 centros de ensino secundario da cidade. Nesta exposición participou tamén o movemento asociativo de mulleres, coa realización dos seus murais. A exposición estivo complementada coa colocación dunha carpa informativa na que o persoal a cargo da organización de EnlazaVigo ofreceu información sobre a violencia de xénero e entregoulles materiais de sensibilización ás e aos viandantes. ACTIVIDADES FORMATIVAS Formación dirixida a alumnado da ESO, bacharelato e FP Impartición de obradoiros sobre as novas formas de violencia na xuventude, baixo o título “ENREDÁMONOS NAS REDES?”, co obxectivo de previr entre a mocidade a violencia de xénero na utilización das redes sociais. Esta actividade formativa vai dirixida ao alumnado de 4º da ESO, de bacharelato e de formación profesional. Os obradoiros estiveron impartidos pola psicóloga especializada en violencia de xénero na xuventude Ianire Estébanez Castaño. Desenvolvéronse un total de 6 obradoiros formativos os días 11,12 e 13 de novembro de 2013 nas instalacións do Auditorio Municipal (praza do Rei). Esta actividade impartíuse en horario escolar e a Concellería de Igualdade fíxose cargo dos gastos do transporte escolar de todo o alumnado. Formación dirixida ao profesorado e a familias O día 12 de novembro de 2013, organizouse na Casa Galega da Cultura unha actividade formativa dirixida a nais, pais e profesorado, co título “Enredámonos nas Redes?”. As ciberviolencias e os controis das redes sociais”, impartida por Ianire Estébanez Castaño.

ANO	2013
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	ACCÍONS COMPLEMENTARIAS DE ENLAZAVIGO - Difusión da actividade nas redes sociais Facebook e Twitter e na web www.enlazavigo.com (actualmente web www.enlazavigo.org), que actualiza os seus contidos en sincronía coas redes sociais e ofrece información actualizada e opinións sobre violencia de xénero. - Establecemento de contactos, con diferentes persoas con proxección pública (deportistas, escritoras/es, artistas plásticas/os,...), denominadas “enlaces” para facelas partícipes da iniciativa. - Distribución de 13.000 exemplares do folleto-guía “Conectamos ben?. Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual”. - Distribución entre todas as persoas participantes das pulseiras reivindicativas elaboradas pola Concellería de Igualdade co lema: Enlaza Vigo contra a violencia de xénero. “Eu voume enlazar” ACTO CENTRAL: 25 de novembro de 2013 ás 12:00 Elaboración dun gran tapiz humano e actividades previas lúdicas e reivindicativas. O tramo da céntrica rúa de Urzáiz, comprendido entre a Farola e a rúa da República Arxentina de Vigo, foi escenario o día 25 de novembro de 2013 da formación dun gran tapiz humano que simbolizou o rexeitamento da cidade de Vigo á violencia machista. Desde as 10:30 ata as 11:45 o alumnado, o profesorado e viandantes participaron en actividades de expresión artísticas participativas: malabares, <i>parkour</i> , baile moderno, regueifas-rap, <i>breakdance</i> e <i>photocall</i> “ EnlazaVigo ”. Ademais, de xeito organizado, o alumnado e viandantes visitaron a exposición colectiva de murais contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe. Quince minutos antes da formación do tapiz humano, representantes dos 3 grupos políticos con presenza municipal e o Consello Municipal da Muller, subiron ao escenario central para as intervencións públicas e a lectura do manifesto. Ás 12:00, procedeuse a formar o tapiz humano. A organización facilitoulles ás e aos 1.600 escolares e 400 veciños e veciñas da cidade o material necesario para formar o tapiz: lonas, cartolinas de cor lila e siluetas de muller en cartolinas de cor branca. O tapiz consistiu no levantamento dunha gran lona co lema “ VIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ”, situada na parte central, e lonas de cor lila ás beiras, que simbolizaban a cor da igualdade, así como decenas de siluetas de muller de cor branca, simbolizando a homenaxe que a cidade lles fai ás máis de 700 mulleres que foron asasinadas en España a mans das súas parellas ou exparellas desde o ano 2003 (primeiro ano que empezou a rexistrarse oficialmente estes asasinatos por parte do Instituto da Muller).
	Nas aulas • Consolidación no traballo da aula a conmemoración do día 25 de novembro, como Día Internacional Contra a Violencia de Xénero e sumarse como centro a algunha das actividades da iniciativa municipal “EnlazaVigo”. • Traballo co alumnado na aula empregando a unidade didáctica adicada ao “ Día Contra a Violencia de Xénero ”, material elaborado e distribuído pola Concellería de Igualdade. • Traballo co alumnado, empregando o folleto guía “ Conectamos ben?. Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual ”. • Elaboración dos murais-obra plástica, que formaron parte da exposición colectiva da rúa do Príncipe do 21 ao 27 de novembro de 2013. Na rúa • Formación dun gran tapiz humano ás 12:00 do día 25 de novembro de 2013. • Actividades lúdicas e reivindicativas previas á formación do tapiz e desde as 10:30 ata as 11:45 no centro da cidade. • Exposición colectiva de murais na rúa do Príncipe, elaborados polo alumnado dos centros de ensino e polas asociacións de mulleres. • Participación do alumnado o día 25 de novembro na lectura de consignas e comunicados conxuntos.
PROPOSTAS DE TRABALLO:	- Nas aulas - Na rúa

ANO	2013	
Repercusión de EnlazaVigo na cidade	Centros de ensino (secundaria e formación profesional) participantes na iniciativa. 29 centros participantes na exposición colectiva e 22 centros participantes no acto central de realización do tapiz humano.	32
	Alumnado de secundaria participante na elaboración do tapiz	1700
	Total de persoas participantes (alumnado e veciñanza)	2000
	Alumnado participante nos obradoiros “Enredámonos nas redes?” (de 13 institutos da cidade)	1100
	Alumnado participante na elaboración murais-obras plásticas	550
	Persoas que visitaron a exposición colectiva contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe	5000
	Familias e profesorado participantes no obradoiro sobre as ciberviolencias e os controis das redes sociais	50
	EnlazaVigo-2013: Premio de “Boas Prácticas contra a Violencia de Xénero” outorgado ao Concello de Vigo pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e a Federación Española de Municipios e Provincias. Repercusión nos medios de comunicación e nas redes sociais: Nos medios de comunicación: -Aparicións en todos os medios audiovisuais autonómicos o día 25 e tamén o día 26 de novembro. Aparicións en toda a prensa escrita local. -Máis de 5000 visitas no blog www.enlazavigo.com e no facebook.	

2013

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

Lonas realizadas polo alumnado para a mostra colectiva



IES Alexandre Bóveda



IES Alexandre Bóveda



IES Alexandre Bóveda

2013

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe Labor



CPR Plurilingüe
San Blas - Vista Alegre



CPR Plurilingüe Escolas Nieto

2013

CONCELLO
DE VIGO



enlaza vigo
contra a violencia de xénero



IES Rep. Oriental do Uruguai



IES Carlos Casares



IES Carlos Casares

2013

CONCELLO
DE VIGO



enlaza vigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe Barreiro



CPR Plurilingüe Mariano



CPR Plurilingüe Losada

2013

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe
Niño Jesús de Praga



CPR Plurilingüe Monterrey




IES San Tomé de Freixeiro

2013

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



IES Beade



CPR Plurilingüe El Pilar

2013


CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero



IES Coruxo



CPR Plurilingüe Alborada

2013

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe Atlántida



CPR Plurilingüe Mercantil



Diagram illustrating the process of social change:

- Top Left:** A black silhouette of a person being hit by another person's arm.
- Top Center:** Text: "BORRÓN A ISTO..." (A black mark on this...)
- Top Right:** A drawing of four children standing together.
- Bottom Left:** A drawing of two children hugging.
- Bottom Center:** Text: "E CONTA NOVA A ISTO OUTRO..." (And tell this new story to the other...)
- Bottom Right:** A drawing of a boy and a girl holding hands, surrounded by hearts.

Arrows indicate a flow from the top left to the top center, then to the top right, and from the bottom right to the bottom center, and finally to the bottom left.

2013

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



IES Castelao




CPR Plurilingüe
Divino Salvador

2013

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



IES
Álvaro Cunqueiro



CPR Plurilingüe Montesol

2013

CONCELLO
DE VIGO



entaza.vigo
contra a violencia de xénero



CPR
Martín Códax



CPR Plurilingüe Nuestra
Señora de la Esperanza

2013


CONCELLO
DE VIGO



entaza.vigo
contra a violencia de xénero



IES Teis



IES Alexandre Bóveda



2014



Neste ano, a temática elixida foi a ciberviolencia de xénero na mocidade, co obxecto de previla, recoñecela, e non ser cómplices destas actitudes e comportamentos. Así, os temas tratados foron as diversas manifestacións desta ciberviolencia (sexting, sextorsión, *ciberbullying*...) nas distintas accións de **EnlazaVigo**, coa participación activa do alumnado e do profesorado participante.

O 25 de novembro, creouse na rúa de Urzáiz un **tapiz humano** que reproducía unha conversa de whatsapp na que se bloqueaba unha situación de ciberviolencia. Ademais, realizáronse actividades informativas, lúdicas e reivindicativas durante toda a xornada.

A **exposición colectiva contra a violencia de xénero co tema central da ciberviolencia de xénero** tivo lugar do 18 ao 25 de novembro na rúa do Príncipe, que recolleu as obras artísticas e reivindicativas do alumnado da nosa cidade.

Ademais destes actos de tipo simbólico e reivindicativo, realizáronse obradoiros formativos dirixidos tanto a alumnado como a profesorado e familias, na temática relacionada coa prevención da violencia de xénero e da ciberviolencia. As mozas e mozos participantes realizaron tamén nesta edición relatos virtuais en whatsapp, nos que representan distintas manifestacións de ciberviolencia, e a forma de resolvela. Algúns deles foron seleccionados e publicados na web www.enlazavigo.org (edición 2014).



ANO	2014
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Outubro - novembro de 2014. 25 de novembro de 2014
LUGAR	Rúa de Urzáiz (tramo comprendido entre a Farola de Urzáiz e a rúa da República Arxentina) e a rúa do Príncipe.
ORGANIZACIÓN	Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo
TEMÁTICA	As distintas manifestacións da ciberviolencia de xénero na mocidade
OBXECTIVOS	Previr a ciberviolencia contra as mulleres, dado que implica novas formas de violencia reproducidas en dixital (sexting, sextorsión, <i>ciberbullying</i>...), coas mesmas características na súa raíz de desigualdade e sexismo que a violencia de xénero pero en novos formatos e coa inmediatez que facilitan o uso das novas tecnoloxías. Implicar na iniciativa “EnlazaVigo” o profesorado e a totalidade do alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional da cidade. Favorecer distintas canles de expresión para manifestar o rexeitamento á ciberviolencia de xénero: exposición colectiva, twitter, facebook, blog, radio,...
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A Concellería de Igualdade en colaboración co Consello Municipal da Muller, pon en marcha a iniciativa “EnlazaVigo-REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”, desenvolvendo no 2014 as seguintes actividades. EXPOSICIÓN COLECTIVA CONTRA A CIBERVIOLENCIA DE XÉNERO No comezo do curso escolar, como cada ano a Concellería de Igualdade visitou e facilitoulles aos centros de ensino un dossier informativo e o material necesario para a elaboración dos murais (lona e pinturas). Desde o 18 ao 26 de novembro de 2014, de 10:00 a 20:00 ininterrompidamente, na céntrica rúa do Príncipe, expuxéronse un total de 49 obras plásticas realizadas por 35 centros de ensino secundario da cidade. A exposición estivo complementada coa colocación dunha carpa informativa na que o persoal a cargo da organización de EnlazaVigo ofreceu información sobre a violencia de xénero e entregáronlles materiais de sensibilización ás/aos viandantes. ACTIVIDADES FORMATIVAS Formación dirixida a alumnado da ESO, bacharelato e FP Este ano 2014 esta actividade faise coa colaboración do Instituto da Muller no marco do Programa Irene, a través do convenio de colaboración que o Concello de Vigo ten asinado co Instituto da Muller (Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade) para desenvolver na nosa cidade o Programa IRENE: programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade. Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo. Http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/programas/home.htm#Programa_Irene No mes de novembro organizáronse os obradoiros “A CIBERVIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE: infórmate e non dubides en rexeitala!”, dirixidos ao alumnado de 4º da ESO, 1º e 2º de bacharelato e formación profesional, dos centros de ensino da cidade. Os talleres estiveron impartidos pola psicóloga especializada en violencia de xénero na xuventude Ianire Estébanez Castaño. Desenvolvéronse un total de 5 obradoiros formativos os días 11,12 e 13 de novembro de 2014 nas instalacións do Auditorio Municipal (praza do Rei). Esta actividade impartíuse en horario escolar e a Concellería de Igualdade fíxose cargo dos gastos do transporte escolar de todo o alumnado. Formación dirixida ao profesorado e a familias O día 10 de novembro de 2014 organizouse, en colaboración con FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as), un obradoiro co título “A ciberviolencia sexual na mocidade”, dirixido ás nais e aos pais. 24 participantes. O día 12 de novembro de 2014, organizouse un obradoiro co título “A ciberviolencia sexual na mocidade”, dirixido ao profesorado de primaria e secundaria. 15 participantes.

ANO	2014	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	ACCÍONS COMPLEMENTARIAS DE ENLAZA VIGO - Establecemento de contactos, con diferentes persoas con proxección pública (deportistas, escritoras/es, artistas plásticas/os,...), denominadas “enlaces” para facelas partícipes da iniciativa. - Distribución de exemplares do folleto-guía “Conectamos ben?. Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual”. - Reparto entre todas as persoas participantes das pulseiras elaboradas pola Concellería de Igualdade co lema: Enlaza Vigo contra a violencia de xénero. “Eu voume enlazar” . ACTO CENTRAL: 25 de novembro de 2014 ás 12:00 Elaboración dun gran tapiz humano e actividades previas lúdicas e reivindicativas. O tramo da céntrica rúa de Urzáiz, comprendido entre a Farola e a rúa da República Arxentina de Vigo, foi escenario o día 25 de novembro de 2014 da formación dun gran tapiz humano que simboliza este ano o rexeitamento da cidade á ciberviolencia de xénero na mocidade. Desde as 10:30 ata as 11:45 o alumnado, o profesorado e viandantes participaron en actividades de expresión artísticas, así como nun <i>Photocall</i> “EnlazaVigo”. Ademais, de xeito organizado, o alumnado e vindantes visitaron a exposición colectiva de murais na rúa do Príncipe. Quince minutos antes da formación do tapiz humano, representantes dos 3 grupos políticos con presenza municipal e do Consello Municipal da Muller,subiron ao escenario central para as intervencións públicas e a lectura do manifesto. Ás 12:00 formouse o tapiz humano. A organización facilitoulles ás e aos participantes o material necesario para formar o tapiz: cartolinas en cor lila, lonas con fragmentos de conversas de <i>whatsapp</i> e siluetas de muller en cartolina de cor branca. O tapiz consistiu no levantamento dunha lona cunha conversa de <i>WhatsApp</i> cuxas mensaxes reproducían unha manifestación de ciberviolencia de xénero e a resolución da mesma por parte dos mesmos mozos e mozas que participaban na conversa.	
		
PROPOSTAS DE TRABALLO: - Nas aulas - Na rúa	Accións na aula ata o 14 de novembro • Traballo de expresión artística do alumnado, a través de obras plásticas alusivas a algunha manifestación das ciberviolencias de xénero. Estas obras formaron parte da exposición colectiva na rúa do Príncipe do 18 ao 26 de novembro. • Sensibilización o alumnado, a través do folleto guía “Conectamos ben?. Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual”. • Elaboración de relatos virtuais en WhatsApp (máximo 3 por centro). Os ditos relatos presentaban un conflito ideado polo alumnado sobre algunha manifestación de ciberviolencia de xénero e a súa resolución. Entre os relatos enviados, a Concellería de Igualdade, seleccionou algúns para publicar na web oficial: www.enlazavigo.org Accións na rúa, martes 25 de novembro • Formación dun gran tapiz humano ás 12:00 do día 25 de novembro de 2014. • Actividades informativas, lúdicas e reivindicativas previas á formación do tapiz e desde as 10:30 ata as 11:45, con visitas á exposición, regueifas, bailes, <i>breakdance</i> e <i>photocall</i> . • Exposición colectiva de murais na rúa do Príncipe contra a ciberviolencia de xénero. • Participación do alumnado coa lectura de frases e textos contra a ciberviolencia de xénero na mocidade.	
Repercusión de ENLAZA VIGO na cidade	Centros de ensino (secundaria e formación profesional) participantes na iniciativa. 35 centros participantes na exposición colectiva e 20 centros participantes no acto central de realización do tapiz humano.	38
	Alumnado de secundaria participante na elaboración do tapiz	1900
	Total de persoas participantes (alumnado e veciñanza)	2100
	Alumnado participante nos obradoiros “A CIBERVIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE: infórmate e non dubides en rexeitala!” (de 18 centros de ensino da cidade)	1200
	Alumnado participante na elaboración murais-obras plásticas	700
	Persoas que visitaron a exposición colectiva contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe	5000
	Famillias e profesorado participantes nos obradoiros”A CIBERVIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE”	39
	Máis información na web: www.enlazavigo.org	



Lonas realizadas polo alumnado para a mostra colectiva



IES República Oriental do Uruguai



CPR Plurilingüe Compañía de María



CPR Plurilingüe Compañía de María

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



IES Alexandre Bóveda



IES Alexandre Bóveda



CPR Plurilingüe Colexio Alba

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR Plurilingüe San Fernando



CPR Plurilingüe Montesol



IES Carlos Casares

2014

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero

2014

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero



IES Rosais 2



IES Rosais 2



CPR Plurilingüe Alborada



CPR Plurilingüe San Miguel 2



IES San Tomé de Freixeiro



IES San Tomé de Freixeiro

2014

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero

IES
Alexandre Bóveda



IES
Alexandre Bóveda

IES
Alexandre Bóveda

2014

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero

CPR
Plurilingüe Don Bosco



CPR Plurilingüe El Pilar

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR
Fillas de Mª Inmaculada



CPR Plurilingüe
Divino Salvador



CPR
Santa Cristina



IES Teis

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

CPR Plurilingüe Mercantil



IES Castelao



CPR Plurilingüe Barreiro



IES A Guía



2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

2014


CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR
Quiñones de León



CPR
Fillas de Mª Inmaculada



CPR Plurilingüe
Escolas Nieto



CPR Plurilingüe
Escolas Nieto

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero



CPR
María Auxiliadora
(Salesianos)



CPR
Martín Códax



CPR Plurilingüe Mariano



IES Beade

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

2014

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero




IES Carlos Casares



IES Carlos Casares

CPR Plurilingüe
Niño Jesús de Praga



IES
Álvaro Cunqueiro

2014

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero

CPR Plurilingüe Labor

CPR Plurilingüe Possumus

IES Coruxo



2015

CONCELLO
DE VIGO



entaza vigo
contra a violencia de xénero

Un ano máis a Concellería de Igualdade propón aos centros de secundaria da cidade unha serie de accións dirixidas a informar, sensibilizar e concienciar entorno á violencia de xénero, coa finalidade de previla.

Baixo o lema "Somos quen de deter a violencia de xénero", este ano propúxoselles aos centros o traballo co alumnado na identificación de relacións de bo trato e de maltrato. Con esta temática, mozas e mozos de distintos centros elaboraron murais artísticos que formaron parte dunha exposición colectiva situada na rúa do Príncipe durante o mes de novembro.

O día 25 de novembro de 2015, formouse un gran tapiz humano que se despregou ao longo de boa parte da céntrica rúa de Urzáiz, desde o tramo que vai desde a Farola ata a rúa da República Arxentina, amosando a unión e a forza da cidadanía viguesa contra a violencia machista. Ademais de participar nesta acto simbólico, as mozas e mozos da cidade puideron participar en distintas actividades de tipo lúdico e reivindicativo: regueifas, lectura de mensaxes, bailes, *photocall*, etc., así como visitar as exposicións e carpa informativa onde se ofreceu material de sensibilización e de información dos recursos de apoio existentes na atención e prevención da violencia de xénero.

CONCELLO
DE VIGO



Somos quen
de deter a
violencia
de xénero

Exposición colectiva
Do 18 ao 26 de novembro
Rúa do Príncipe

Acto central
Mércores 25 de novembro
Farola de Urzáiz
Actividades informativas,
lúdicas e reivindicativas de
10:30 a 11:30 horas
Tapiz humano. Confluencia
de 2.000 estudantes e demais
participantes arredor dunha
mensaxe colectiva ás 12 horas

25 de novembro Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres

Concello de Igualdade
Praza do Río, 1. 4º planta 1º
teléfono 986 810 284

www.igualdadevigo.org

Concello de Vigo
R. A. M. 1º

entaza vigo 2015





ANO	2015	
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Outubro - novembro de 2015. Acto central: 25 de novembro de 2015	
LUGAR	Rúa de Urzáiz (tramo comprendido entre a Farola de Urzáiz e a rúa da República Arxentina) e a rúa do Príncipe	
ORGANIZACIÓN	Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo	
LEMA	Somos quen de deter a violencia de xénero	
TEMÁTICA	As distintas manifestacións da violencia de xénero	
OBXECTIVOS	Rexeitar e deter a violencia de xénero, co obxecto de previla, recoñecela e non ser cómplices destas actitudes e comportamentos. Previr novas formas de violencia de xénero na xuventude, ofrecendo recursos pedagóxicos que informan e sensibilizan o alumnado sobre a violencia sexual ou a ciberviolencia: - Exposición itinerante “A violencia sexual na xuventude. Infórmate” - Distribución do folleto-guía “Conectamos ben?. Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual”. Implicar na iniciativa “EnlazaVigo” o profesorado e a totalidade do alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional da cidade.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A Concellería de Igualdade en colaboración co Consello Municipal da Muller, pon en marcha a iniciativa “EnlazaVigo-REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”, desenvolvendo no 2015 as seguintes actividades: EXPOSICIÓN COLECTIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO No comezo de cada curso escolar, a Concellería de Igualdade visita e facilítalles aos centros de ensino un dossier informativo e o material necesario para a elaboración dos murais (lona e pinturas). Desde o 18 ao 26 de novembro de 2015, de 10:00 a 20:00 ininterrompidamente, na céntrica rúa do Príncipe, expuxéronse un total de 48 obras plásticas realizadas por 41 centros de ensino secundario da cidade. A exposición estivo complementada coa colocación dunha carpa informativa na que o persoal a cargo da organización de EnlazaVigo ofreceu información sobre a violencia de xénero e entregoulles materiais de sensibilización ás e aos viandantes. EXPOSICIÓN “A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE!” Recurso pedagóxico que ofrece información e sensibilización na prevención da violencia sexual entre mozas e mozos, dirixida ao alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional dos centros de ensino secundario da cidade. A exposición consta de 10 paneis expositivos.	

FICHA

ANO	2015	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	ACCIÓNS COMPLEMENTARIAS DE ENLAZAVIGO - Reparto de pulseiras reivindicativas co lema: “Enlaza Vigo contra a violencia de xénero. Rexeito a violencia machista” ACTO CENTRAL: 25 de novembro de 2015 ás 12:00 Actividades previas á formación do tapiz humano: Desde as 10:30 ata as 11:45 o alumnado, o profesorado e os/as viandantes participaron nas actividades lúdicas e reivindicativas dinamizadas por monitorado especializado no traballo con xente moza: lectura de mensaxes, danza, regueifas/rap, <i>breakdance</i> , malabares e xogos... Visita á exposición “A violencia sexual na xuventude. Infórmate!” situada nun lateral do Museo MARCO e visita á exposición colectiva contra a violencia de xénero elaborada polo alumnado e situada diante do museo MARCO. A organización facilitou un espazo cun <i>photocall</i> para que cada grupo escolar puidera levar unha imaxe conxunta da súa participación neste evento. Formación do tapiz humano: O tramo da céntrica rúa de Urzáiz, comprendido entre a Farola e a rúa da República Arxentina de Vigo, foron unha vez máis escenario o día 25 de novembro de 2015 da formación dun gran tapiz humano co lema “Somos quen de deter a violencia de xénero”. Quince minutos antes da formación do tapiz, representantes dos 3 grupos políticos con presenza municipal e do Consello Municipal da Muller, subiron ao escenario central para realizar as intervencións públicas e a lectura do manifesto. A organización facilitou o material necesario para formar o tapiz: lonas e cartolinas e cintas de cor lila que cubriron gran parte do tapiz. As 12:00 formouse o tapiz, que consistiu no levantamento dunha lona central “Enlaza Vigo 2015” e outra co lema “Somos quen de deter a violencia de xénero”.	
PROPOSTAS DE TRABALLO:	Accións na aula ata o 13 de novembro • Traballo de expresión artística do alumnado, a través de obras plásticas alusivas a algunha manifestación da violencia de xénero. As ditas obras formaron parte da exposición colectiva situada na rúa do Príncipe do 18 ao 26 de novembro. • Sensibilización do alumnado, a través do folleto guía “Conectamos ben? Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual”. • Sensibilización do alumnado a través da exposición “A violencia sexual na xuventude. Infórmate!”. Accións na rúa, mércores 25 de novembro • Formación dun gran tapiz humano ás 12:00 do día 25 de novembro de 2015. • Actividades informativas, lúdicas e reivindicativas previas á formación do tapiz e desde as 10:30 ata as 11:45, con visitas ás exposicións, lectura de mensaxes, regueifas, bailes, <i>breakdance</i> , <i>photocall</i> ...	
REPERCUSIÓN DE ENLAZA VIGO NA CIDADE	Centros de ensino (secundaria e formación profesional) participantes na iniciativa.	43
	41 centros participantes na exposición colectiva e 30 centros participantes no acto central de rúa e realizando o tapiz humano.	
	Alumnado de secundaria participante na elaboración do tapiz	1970
	Total de persoas participantes (alumnado e veciñanza)	2200
	Alumnado participante na elaboración murais-obras plásticas	850
	Persoas que visitaron a exposición colectiva contra a violencia de xénero na rúa do Príncipe	5000
Máis información: www.enlazavigo.org		

2015

entaza vigo
contra a violencia de xénero

CONCELLO
DE VIGO



Lona introdutoria. Concellería de Igualdade

Lonas realizadas polo alumnado para a mostra colectiva



CPR Plurilingüe Possumus



IES Carlos Casares


2015

entaza vigo
contra a violencia de xénero

CONCELLO
DE VIGO



CPR Plurilingüe
Divino Salvador



CPR Plurilingüe Bouza Brey



CPR Fillas
de M^a Inmaculada

2015

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

CPR Santa Cristina



CPR Plurilingüe Alba



IES Beade



2015

CONCELLO
DE VIGO



entazavigo
contra a violencia de xénero

IES A Guía



CPR Plurilingüe
Niño Jesús de Praga



CPR Plurilingüe
Don Bosco



2015

CONCELLO
DE VIGO



